

## Follas do Cineclub | 13/01/2016

*Fíos fóra* (Illa Bufarda-Amarante Setem, Galiza, 2015, 90 minutos, VOG)  
Proxección coorganizada coa Gentalha do Pichel, Illa Bufarda e  
Amarante Setem. **Coa presenza das directoras do filme  
e da investigadora Marta Negro.**

01

## REPORTAXE EN SERMOS GALIZA. Olalla Rodil

(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/fios-fora-historia-costureiras-patrons/20151026185637041883.html>)

Mentres Forbes dá a coñecer o patrimonio de Amancio Ortega situándoo como o home máis rico do mundo con 71.800 millóns de euros --unha cifra próxima ao PIB de Ecuador en 2014 (75.645 millóns de euros) e superior ao de Chipre (17.506 M.€)-- a realidade das persoas que traballaron ou traballan para o imperio téxtil de Inditex é ben distinta. E non só. Outras transnacionais do sector partillan co grupo Zara a deslocalización das manufacturas através de subcontratas nas que @s operari@s traballan durante horas en condicións ilegais.

Arredor desta idea a ONG Amarante Setem e o proxecto audiovisual Illa Bufarda realizou o documental *Fíos fóra* no que retratar «a evolución do sector téxtil na Galiza» e «a situación na que se atopa agora» marcada pola «deslocalización», sinalan en conversa con Semos Galiza as súas autoras, Sabela e Adriana (Illa Bufarda).

Trátase dun proxecto enmarcado na campaña Roupas limpa (CleanClothesCampaing). Unha coligazón de ONGs, centrais sindicais, organización de consumidoras, de dereitos humanos,... presente en 16 países europeos que traballa en rede con 200 organizacións e sindicatos dos países produtores do sector téxtil para garantir que se respecten os dereitos fundamentais das traballadoras.

Neste senso, *Fíos fóra* achega os testemuños daquelas «mulleres que comezaron a coser con 11 anos por volta dos anos '70 e outras que o fixeron co boom de Inditex». Através de «entrevistas corais», relatan as historias de Leo-

nila Sánchez, ex-socia dunha cooperativa téxtil de Présaras; Sabina Otero operaria de Regojo desde os 11 anos; María Graña, Angustia Bouza, María Santos e Pura Rodríguez. Mais tamén a de M. S. e C. operarias e ex-traballadoras de Inditex en Arteixo que preferiron manterse no anonimato para facer parte do documental.

«Sorprendeunos o difícil que foi atopar mulleres que quixesen falar na contorna de A Coruña e Arteixo», aseguran desde Illa Bufarda ao tempo que sinalan o «receo» e o «medo» que «aínda existe hoxe». «Hai que entender que se trata dun contexto distinto», apuntan Sabela e Adriana en relación aos testemuños das costureiras nos que xustifican as condicións de traballo nas que se atopaban. «Penso que foi unha persoa moi emprendedora, aínda que estafara algo», di Leonila Sánchez en relación ao patrón da industria téxtil para a que traballaba (Inditex). «Dá traballo por todos os lados e a moita xente», acrenta nun dos vídeos lanzados para a promoción do documental. «É mellor vivir con algo que sen nada».

As operarias presentan, en moitos casos, «todo isto como se lles fixesen un favor a elas que eran do rural e ao tempo que cosían podían traballar desde casa coidando dos fillos e dos animais», explican desde Illa Bufarda após a relación establecida con elas durante o «contacto previo» ás entrevistas. Porén, «foron usadas» polas transnacionais en beneficio dos seus propios intereses «non eran donas do seu», acrecentan, embora constituírense en cooperativas moitas veces impulsadas polo cura da parroquia, como aconteceu co pai Jorge, en Arzúa.

Illa Bufarda e Amarante afondan noutras perspectivas da man de empresarios e institucións do sector Sen desfacermos de todo o novelo que tecen no documental, Illa Bufarda e Amarante afondan noutras perspectivas da man de empresarios e institucións que están a desenvolver «políticas que definen como internacionalización mais que nos concibimos como externalización» da produción. Javier Cañás, fundador de Caramelo; Alberto Rocha, secretario xeral do Clúster galego do sector téxtil; Jesús Iglesias, copropietario do taller de confección Rosa Neira e Abel Veiga, director de internacionalización do IGAPE, presentan a súa propia ollada do que está a acontecer coa industria da roupa na Galiza actualmente.

Voces que contrastan coas de Fatima Lamah Presidenta de Atawassoul (Asociación de mulleres obreiras do téxtil da cidade de Tánxer) ou Mohamed Amgar, cortador nun taller téxtil marroquí para diversas marcas. «O rapaz conta que só teñen unha hora para ir ao WC» mentres as transnacionais «non teñen escrúpulos para ter os traballadores así», sinalan desde Illa Bufarda. «Só procuran producir onde a man de obra sexa barata para logo vender nos países ricos».

Como fío deste novelo tamén atopamos á profesora titular de Xeografía Humana da USC, Montserrat Villarino, que achega unha «perspectiva social e de xénero» ao relato.

# COSTUREIRAS E PATRÓNS

## ENTREVISTA PARA PRAZA. Montse Dopic

(<<http://praza.gal/cultura/10433/las-costureiras-que-fixeron-medrar-o-sector-textil-co-seu-esforzo-que-daron-sen-nada-mentres-os-empresarios-se-enriquecianr/>>)

O que pasou en Galicia co sector téxtil non é tan diferente do que está a acontecer agora en Marrocos ou en calquera outra parte do mundo ao que as grandes empresas galegas decidiron deslocalizarse para abaratar custos. Aproveitarse do traballo das mulleres para deixalas sen ren cando xa non interesan. Disto fala Fíos fóra, o novo documental de Illa Bufarda, realizado a proposta da ONG Amarante Setem. Falamos con Sabela Iglesias e Adriana P. Villanueva, de Illa Bufarda.

**Foi unha proposta de Amarante, que vos acompañou no proceso, pero a parte creativa é vosa...**

**Adriana:** Déronnos moita liberdade, si. Nós construímos a estrutura, decidimos a quen entrevistar... A nós interesábanos especialmente achegar unha pequena retrospectiva histórica e amosar o vínculo entre o que pasou aquí e o que está a pasar agora noutros países.

**A estrutura está montada arredor do contraste entre dúas perspectivas: a dos empresarios, homes, e a das obreiras, mulleres. Por que?**

**Sabela:** Tiñamos claro, por unha banda, que queríamos que falasen as obreiras do sector, as protagonistas do mesmo. E por outra a patronal, á que se engade un representante institucional, do Igape. Son, así, dúas entrevistas corais. Ao comezo tiñamos unha terceira entrevista coral, pero ao editar escollemos as dúas que quedaron porque xa eran o suficientemente potentes para explicar o que sucedeu. Por outra banda, a cuestión de xénero que comentas é evidente. Non só porque eles sexan os empresarios e elas as obreiras. É o xeito de falar, de mirar á cámara...

**Hai varias fontes anónimas, que só escoitamos pero non vemos. Sinal de que teñen medo de falar.**

**Adriana:** É un sector moi feminizado, nos que os postos que supoñen un maior status son ocupados por homes, mentres que os traballos de menor cualificación son realizados por mulleres. E a cuestión é que desde o principio atopamos moito medo a falar. Fomos a Arteixo buscando xente... e era moi difícil. De feito, as mulleres coas que conseguimos falar xa non traballan no sector. Se falan, poden perder o seu traballo. E non só elas. Moitas familias dependen do sector. O que diga unha pode prexudicar todo o seu entorno.

**Tamén é interesante a evolución da perspectiva das mulleres. Desde dicir que non as escravizaban porque elas facían horas extras para gañar máis a reflexionar sobre como algúns se fixeran ricos grazas ao seu traballo antes de deixalas sen nada.**

**Sabela:** Hai unha evolución, si, que se percibe no documental. E non se produciu polo experimento que facemos ao final de ensinarlles noticias de prensa críticas coa patronal.

**Adriana:** Eu creo que ese cambio é polo encontro entre elas. Porque xuntamos mulleres de distintas partes de Galicia. E xa dicían elas que nunca fixeran iso. Elas falaban coas compañeiras, pero podían pensar que o que lles pasaba a elas era problema da fábrica na que traballaban e non algo estrutural.

**Como diciades antes, o documental fai, dalgunha maneira, un percorrido histórico pola situación no sector desde os 60.**

**Sabela:** Para min é moi revelador cando comentan que non imaxinaban o que ía vir. Porque había moito traballo, moita produción, gañaban un salario que non poderían gañar noutro sector... pero despois viñeron as deslocalizacións e elas quedaron totalmente defraudadas, sen traballo. Agora mesmo mantéñense talleres e cooperativas só para poder pagar a Seguridade Social. Sen obter beneficios.

**Adriana:** E ademais o que pasa é que pasou aquí o mesmo que agora pasa noutros países. O traballo da muller considerábase unha axuda familiar e non unha profesión cun salario. Agora, eles son considerados empresarios de éxito. E as costureiras, que fixeron medrar o sector téxtil co seu esforzo, quedaron sen nada mentres os empresarios se enriquecían. Moita xente montou talleres cos seus cartos e despois quedou arruinada. Prometíanlles traballo, pero despois marcharon e deixáronos sen nada.

**Da parte dos homes, falan o fundador de Caramelo, Javier Cañas Caramelo, o secretario xeral do Cluster Galego do Sector Téxtil e Moda, Alberto Rocha, o director de Internacionalización do Igape, Abel Veiga, e o copropietario do taller Rosa Neira, Jesús Iglesias. Os discursos reflicten ben a posición, -e a clase social-, de cada un. Só Jesús parece estar preocupado realmente polos traballadores e traballadoras.**

**Sabela:** Si. Nesas entrevistas chamounos a atención a perspectiva deshumanizada coa que os representantes da patronal enfocaban a cuestión. Desde unha visión capitalista na que as persoas non importan. Mais creo que nós non temos que dicir nada: cada persoa retrátase co seu discurso.

**Adriana:** Ten en conta, ademais, que non temos representantes de Inditex, porque non quixeron saír no documental. Non nos foi tan difícil atopar a quen entrevistar por esa parte como pola parte das mulleres. Pero a perspectiva de Jesús non é a dos outros. E sabemos que para el non foi fácil dicir o que pensa.

**Non é fácil adoptar unha perspectiva crítica con Inditex. Fixoo Chévere con Citizen, por exemplo. Pero non é o habitual, fóra dos medios non convencionais.**

**Sabela:** E entendiamos que tiñamos que ter a alguén que falase desde Inditex. Por iso temos a voz dunha deseñadora, que nos dá unha visión corporativista. Considera a Amancio Ortega un triunfador, segundo a imaxe que cativou a tanta xente. Ela recoñece que traballan moitísimas horas, pero está contenta co seu traballo. Di que o ritmo de traballo é imposto polo consumidor, pola súa demanda de novidade constante.

**Adriana:** É normal, porque ela tamén é unha triunfadora. Ela tamén tivo a súa parte de triunfo porque traballa alí.

**Mais di algo que é verdade, que é que se mercamos camisolas a tres euros, é porque alguén non está a cobrar polo seu traballo o que tiña que cobrar.**

**Adriana:** Pero é que ese, precisamente, é o modelo que nos trouxo Inditex. É dicir, roupa barata para usar e tirar. Xa o din as costureiras: agora a roupa é de moi mala calidade. E ese modelo de consumo rápido aquí implantouno Inditex. E hai xente que ten opción e xente que non, que non pode pagar roupa máis cara.

**Sabela:** O consumidor ten unha responsabilidade pero non é o culpable do que pasa, aínda que sexa cómplice. Compras porque che fixeron crer que necesitabas comprar. Así funciona o sistema.

**Tamén hai contraste entre as propias mulleres, a partir das voces en off. O enfoque de Pilar Rodríguez é diferente do do resto. Ela reivindicada de xeito claro os dereitos das traballadoras. A postura das outras é, moitas veces, máis ambigua. Din que non as “escravizaron” porque elas escolleran traballar alí e facer horas.**

**Adriana:** Si, Pilar ten un discurso de defensa das traballadoras moi claro. Outras tamén falan de manifestacións e mobilizacións, para defender os seus postos de traballo cando pechaban talleres concretos.

**Sabela:** Interesábanos moito, ademais, ver como reaccionarían elas ao comentar o que está a pasar agora noutros países. Porque podían pensar que non era o mesmo que lles pasara a elas ou que si. E elas si que empatizan coas mulleres doutros países, pero non chegan a sentilas como iguais nese sentido, como traballadoras explotadas igual ca elas. En Marrocos hai nenas traballando. E parte das galegas empezaron sendo nenas, traballando de xeito ilegal. Non é tan diferente.

**O feito de que as anónimas conten as peores historias, e tendo presente que moitas non se atreveron a falar, fai pensar que é peor do que nos conta o propio documental.**

**Sabela:** Ao falar por teléfono e sen dar o nome poden sentirse máis libres para falar, claro. No caso de Pilar non temos a súa imaxe porque non puido estar cando gravamos. Adriana: Está ben que se vexa como dis. Está claro que algo pasa se hai voces anónimas. Os testemuños máis fortes son de xente que non pode mostrar a cara, e iso é por algo. A nivel formal tamén foi cambiando o documental. Nun principio ía ser como unha investigación que facían Pilar e a profesora da USC Montse Villarino.

**E ao final presentádesnos o propio proceso de investigación feito por vós. As búsquedas en internet... En calquera caso, aínda que está clara cal é a vosa posición, a favor das traballadoras, o feito de que saian representantes da patronal ou mulleres con distintas perspectivas evita o maniqueísmo.**

**Adriana:** Tivemos un debate sobre se incluír xente da patronal, porque eles son os representados no discurso oficial. Pero a verdade é que os retratan as súas palabras. As visións que achegamos son diversas, dentro do posicionamento do que partimos.

## **CONSUMO RESPONSÁBEL.** **Nanda Couñago**

**Directora de AMARANTE Setem e coordinadora de Ropa Limpa-Galicia. Cerna nº 72 · 16-17**

### **CONSUMO RESPONSÁBEL**

A roupa que aquí nos chega puido ser producida nos centros de talleres que pecharon por mor da deslocalización e á procura do abaratamento de custes, á costa da saúde doutras persoas e do ambiente noutros países. En Europa consumimos case o 70% da roupa que se produce en terceiros países, polo que o noso criterio de consumo non pode ser só a moda e o prezo. Só para a fabricación dunha camiseta empréganse máis de 150 gr. de produtos químicos e cores como o negro conséguese por medio de pro-

cesos altamente contaminantes. Se isto o multiplicamos polas pezas de roupa que consumimos...

### **A PLATAFORMA MOV3**

Grazas ao traballo de moitas organizacións ecoloxistas e a un maior acceso á información sobre todas estas circunstancias, existe unha maior concienciación ou necesidade de facer outro xeito de consumo tamén na roupa onde prime a calidade e un xeito de producir respectuoso coas persoas e co medio, algo que non ten por que ser desconforme co deseño. Sendo consciente dun aumento da demanda sobre onde poder consumir con estes criterios, hai dous anos en AMARANTE comezamos a investigar se era factible e había alternativas de consumo de roupa e como visibilizalas para facilitarlle á cidadanía o seu acceso. Pensamos que todas as alternativas se podían aglutinar baixo un paraguas común onde tendas de segunda man, marcas, deseñadoras, incluso estudantes de moda, puidesen ser accesibles á cidadanía galega e dar un impulso a este sector, e se era factible volver producir localmente.

En 2013 editamos unha pequena publicación “Madeixa” e organizamos unhas xornadas na Escola de Moda Mestre Mateo ás que convidamos a deseñadora María Almazán, a Xesús Iglesias, a Asociación de talleres de talleres do téxtil de Galicia, a experiencia da tenda Alternativa do bebé -de produtos ecolóxicos- e a Campaña Ropa Limpa, para reflexionar e mostrar a posibilidade ás futuras deseñadoras e deseñadores de ir cara á produción ecolóxica, local e respectuosa coas persoas e a vida útil das pezas de roupa que se confeccionasen.

En xaneiro de 2014 demos forma ao primeiro encontro “MOV3.Galicia Viste Consciente”, onde convidamos todas estas iniciativas a participar na creación dun espazo sobre moda ética sostible galega, para fortalecerse mutuamente e para ofrecer un espazo web onde toda a cidadanía consulte as opcións de consumo responsable de roupa que existen en Galicia. Para este traballo contamos coa colaboración e a experiencia da deseñadora e asesora María Almazán, quen realizou o labor de formación e asesoramento a todas estas iniciativas.

Deste traballo inicial nace o espazo e a web ([www.mov3.gal](http://www.mov3.gal)) “MOV3. Galicia Viste Consciente” e márcanse uns principios da Plataforma para os que xa están e para os que queiran entrar.

MOV3 defínese como un colectivo galego vinculado ao téxtil que engloba tendas, marcas, deseñadores e deseñadoras que comparten ideas e proxectos, achegando cada quen o mellor de seu.

Pensamos que outros xeitos de traballar son posibles. Optamos por un modelo de deseño con identidade propia que defende tanto o valor artístico das pezas como a súa calidade e durabilidade. En MOV3 camiñamos cara a ecosustibilidade, o uso responsable dos recursos naturais e a produción local, comprometéndonos co consumo consciente e o respecto e trato digno ás persoas.

Entre as iniciativas que se incorporaron nesta primeira fase podemos atopar e acceder a distintas propostas tanto de deseñadoras, marcas como tendas onde prima o reciclado, a segunda man, o residuo cero, a artesanía, a recuperación da contorna, tinguidos naturais, certificados ecolóxicos. Todas intentan que a maior parte sexa producido en Galicia.

Agardamos que se vaian incorporando máis propostas similares que aposten pola produción sostible e local, o respecto ao medio, o comercio xusto, e pola difusión dun consumo responsable de roupa.

Agora, o noso proxecto é crear a primeira asociación de deseñadoras e deseñadores que fortaleza o sector e sirva para aproveitar recursos comúns ou aforrar custes (na compra compartida da tea, no asesoramento de marca, etc.), dando un pulo importante á produción responsable deroupa, unido ao deseño, á creatividade e á artesanía.

MOV3. GALICIA VISTE CONSCIENTE": CARA A MODA GALICIA SOSTIBLE

## INICIATIVAS DE MODA SOSTIBLE EN GALICIA CONSUMO RESPONSÁBEL

• Outra forma de producir vaqueiros • **Xiro**: recente liña de vaqueiros en ecolóxico, confeccionados en Galicia. Tamén crea suéter-suadeira. Web: <http://xiroeco.com/>

• Camisetas ecolóxicas e suadeiras • **Mandacarú**: marca galega de roupa ecolóxica e serigrafías ecolóxicas. Foi unha das primeiras en especializarse no ecolóxico, creando a liña Be Green. Web: <http://www.mandacaru.eu/esp>

**A Cestola na Cachola**: cooperativa que traballa aplicando os seus propios debuxos e ilustracións sobre tecidos e prendas de xeito ético e sostible. Dá información detallada sobre cada peza de roupa 100% ecolóxica. Web: <http://www.cestolanacachola.org/web/gl/>

**Caprapyrenaica**: Suadeiras e camisetas de algodón 100% orgánico. Transparencia nos seus provedores. Web: <http://www.caprapyrenaica.es/>

**Ash Santos**: artista polifacético caracterizado polas súas ilustracións e os deseños das súas camisetas. Web: <http://thisisashville.blogspot.com.es/>

• Para as máis pequenas e pequenos • **Racataplán**: deseña e produce roupa para nenos de 0 a 3 anos. As teas ecolóxicas veñen de Italia, e o estampado e confección realízanse en Galicia e na súa contorna. Web: <http://www.racataplán.com>

**Alter-Nativa do Bebé**: roupa e calzado ecolóxicos, porta-bebés, cueiros de tea, cosmética ecolóxica e alternativas naturais para a menstruación. Web: <http://www.laotratien-dadelbebe.com/>

**Erizo Violeta**: Tipis, casiñas e accesorios para nenos e nenas e para o fogar, como coxíns ou mandís elaborados

con teas ecolóxicas e estampados únicos. Web: <http://erizovioleta.com/>

• Roupa artesanal para home e muller • **Le Chanelas**: desde Pontevedra unen o local e o artístico. Ofrece roupa para home, muller e crianzas. Web: <http://www.lechanelas.com/>

**Marujita Alegre**: creacións feitas en Galicia, completamente a man e de modo artesanal. Este ano incorporou nos seus deseños tecidos ecolóxicos. Desenvolve un proxecto de roupa interxeracional para favorecer un maior aproveitamento da roupa. Web: <http://www.marujitaalegre.com/>

**O Roupeiro do Tatán**: tenda ourensá con roupa sostible propia (NOVE) e de marcas da Península e de Europa, e taller artesanal. Web: <https://www.facebook.com/oroupeirodotatan>

• Cara o residuo cero • **La Canalla**: busca traballar con novas fontes naturais e tinguidos que estean na súa contorna. Pezas de roupa que teñan máis dunha función, unisex e multi-talla que buscan achegarse ao "residuo cero". Web: <http://lacanallavigo.blogspot.com.es/>

**Ada Negra**: roupa para muller con produtos naturais de algodón, fíos de cáñamo e bolas de madeira, tinguidos artesanais ao lume e secado ao sol, co mínimo consumo enerxético. Web: <http://www.adanegra.com/>

• Tendas de segunda man • **Plan B Pontevedra**: tenda vintage que conserva, recupera e recicla as pezas de roupa. Personaliza e asesora para un total aproveitamento e reciclaxe das cousas que temos na casa. Web: <http://planb-pontevedra.com/es/>

**Vintage Village**: negocio familiar de roupa vintage e de segunda man, dentro da rede internacional de tendas de segunda man. Web: <https://www.facebook.com/vintagevillagepontevedra>

• Deseño para noivas • **Rafael J. Cameselle e Pilar Ullod**: introdución progresiva de tecidos ecolóxicos e criterios sostibles nos traxes de noiva, funcionais e con máis dun uso. Webs: <http://www.rafaelcameselle.com> <http://cargocollective.com/pilarullod>

• Ilustración e tintes ecolóxicos • **Iván R**: experimenta con tecidos naturais e colaborou con Marujita Alegre na elaboración das pezas interxeracionais. Web: <http://www.ivanr.net/>

**Portal 48**: espazo creativo que reúne moitas experiencias, e taller de serigrafía con tintas ecolóxicas. Web: <http://www.portal48.es/>

## CINECLUBE DE COMPOSTELA



### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.blogaliza.org](http://cineclubedecompostela.blogaliza.org) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

### PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### 13 DE XANEIRO

*Fíos fóra* (Illa Bufarda-Amarante Setem, Galiza, 2015, 90 minutos, VOG) Proxección coorganizada coa Gentalha do Pichel, Illa Bufarda e Amarante Setem. **Coa presenza das directoras do filme e da investigadora Marta Negro.**

### 20 DE XANEIRO

*As limpadoras nocturnas* (Nightcleaners, Berwick Street Film Collective, Reino Unido, 1975, 90 minutos, VOSG)

### 27 DE XANEIRO

*Traballo eventual dunha escrava* (Gelegenheitsarbeit einer Sklavin, Alexander Kluge, RFA, 1973, 91 minutos, VOSG)